

MAGO TETO { A FEIRA MÁXICA DO MAGO TETO }



A COMPAÑÍA }

Dende a estrea do seu primeiro espectáculo en 1996 con tan só 19 anos, o Mago Teto converteuse nun dos ilusionistas máis veteranos e relevantes en Galicia. Habitual na televisión dende os seus comezos, goza dun gran recoñecemento por parte do público. Os seus espectáculos adáptanse a calquera tipo de espazo, dende a rúa ás salas, pasando por grandes teatros. No seu repertorio combínanse así espectáculos reducidos con outros de gran formato, outorgándolles aos seus trucos un amplo abano de posibilidades. O seu debut tivo lugar o Día das Letras Galegas de 1992. Nese 17 de maio subía ao escenario do seu instituto de Viana do Bolo para sorprenden os seus compañeiros. Catro anos despois, chegaría o despegue profesional co espectáculo *A maxia dos soños*. Dende aquela levou á escena montaxes como *Tolemaxias*, *Perto de ti* ou *O Afiador*.

O ESPECTÁCULO }

Unha carpa recrea un posto de feira de mediados do século XX, coas súas lámpadas de luces e bandeirolas de cores. Un espectáculo de maxia para rúa personalizada e íntima xa que os propios espectadores elixen que xogo queren ver entre máis de 200 efectos de maxia.

É un espectáculo de proximidade, de curta distancia, xa que as mans do mago se sitúan a menos dun metro do público. Ademais, é un espectáculo no que a maxia se fusiona con diversos elementos e distintas manifestacións artísticas, como por exemplo a sétima arte. Deste xeito, haberá xogos de maxia que estarán relacionados cunha película da historia do cine. O espectador ten a potestade de elixir unha película e será o mago quen teña que deseñar de súpeto un truco relacionado co seu argumento. Todo un reto persoal para o mago Teto.

+INFO: WWW.CULTURACTIVA.ORG



FICHA ARTÍSTICA }

Elenco: Mago Teto e Jorge Prieto
Dirección e creación: Héctor Guerra
Técnica teatral: Maxia
Duración: Pases continuados de dez minutos durante todo o día
Público: A partir de 5 anos